

**PROCESO SELECTIVO: (2) TÉCNICOS/AS DE INSERCIÓN LABORAL,
FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS, PARA A EXECUCIÓN E
DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DO PROGRAMA INTEGRADO DE
EMPREGO DE CARÁCTER TEMPORAL "MOCIDADE ACTIVA"**

**2º EXERCICIO: PROBA DE GALEGO
TRADUCIÓN DUN TEXTO NORMATIVO DO CASTELÁN AO GALEGO**

TEXTO

Orde do 10 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 133, 14 de xullo de 2016).

DEFINICIÓNS

- 1. Persoa desempregada:** aquela que estea inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- 2. Persoas en situación ou risco de exclusión social:** aos efectos desta orde terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:
- 3. Persoa desempregada que esgotase as prestacións por desemprego:** aquela que extinguiuse por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo ou calquera outra prestación non contributiva facilitada desde o Servizo Público de Emprego. No caso de que non tivese dereito a percibir a prestación por desemprego de nivel contributivo, que esgotase o subsidio de desemprego; en ambos os dous casos, que non desempeñase ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data de esgotamento.